

# ANEXO. COMITÉ ASESOR

## Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte

Aprobado pola Asamblea Xeral FGBD na data.28/03/2026

Por el presente ANEXO incorpórase o Comité de Protección aos Órganos de Protección e modifícase o procedemento en relación con esa incorporación.

## 1. ÓRGANOS DE PROTECCIÓN

Para abordar las situaciones de violencia sexual, a Presidencia da Federación Galega de Baile Deportivo nomeará os seguintes órganos:

### 1.1 Persoa Delegada de Protección (DP)

Una persoa escollida entre persoas próximas aos/ás deportistas, coñecedoras de contorna deportiva, con formación e con especial sensibilidade e capacidade de comunicación. A súa función principal será recibir as comunicación sobre este tipo de situación e tramitar o procedemento previsto neste protocolo. Tamén se encarga de deseñar estratexias de prevención, difusión e formación, de deportistas, profesionais e familias, sobre a protección fronte á violencia sexual.

A designación desta figura responde ás disposición da CSD en materia protección contra a violencia sexual e a obrigatoriedade recollida no **Artículo 48 de la Lei Orgánica 8/2021 de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI)**. As súas función abranguen previr, detectar, formar, acompañar, asesorar e poner en coñecemento, interna e externamente cando sexa precisa, calquera situación de violencia.

### 1.2 Comité Asesor.

Estará integrado pola Presidencia de la Federación e dous/tres membros máis da FGBD, preferentemente con coñecementos en Dereito, Psicoloxía ou Medicina. A súa función será valorar os informes emitidos pola Persoa Delegada de Protección e adoptar as medidas oportunas.

## 2. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO DE VIOLENCIA SEXUAL

### 2.1. Iniciación do procedemento.

O procedemento iniciase coa comunicación verbal ou escrita formulada pola vítima o seu representante legal, ou calquera persoa que teña coñecemento da situación de violencia á Persoa Delegada de Protección.

- Se a comunicación fose verbal, procurarase a súa ratificación posterior por escrito.
- A FGBD habilitará unha canle de comunicación segura e confidencial para este fin, como o correo electrónico de la Persoa Delegada de Protección
- A Persoa Delegada de Protección poñerá inmediatamente en coñecemento da Presidencia da Federación e solicitará a maior información posible para efectuar unha primeira valoración. Para tal efecto, entrevistará as persoas afectadas: denunciante, denunciado/a, presunta vítima o testemuñas se as houbese.

- Dentro del prazo de 10 días naturais desde o coñecemento dos feitos, a Persoa Delegada de Protección deberá elaborar un informe coa súa correspondente valoración e proposta de actuación e remitirlo ao Comité Asesor.
- A indagación deberá realizarse de acordo cos principios de confidencialidade, imparcialidade, celeridade, prudencia e coa máxima sensibilidade e respecto polas persoas implicadas.
- Cuando as persoas implicadas sexan menores de idade, darase coñecemento das actuación ao Fiscalía de Menores y a seus proxenitores ou titores legais en todo momento, prevalecendo sempre o interesa superior do menor
- Se no momento da notificación o Delegado constata que os feitos, teñen un carácter leve, se poderá propoñer no informe, a corrección interna por parte da entidade deportiva con aplicación, no seu caso, dalgunha medida educativa ou correctiva.

En todo caso, farase un seguimento da vítima e valorarase a erradicación total e absoluta da violencia producida, así como a debida e adecuada reintegración do neno, nena ou adolescente á actividade.

## 2.2. Reunión do Comité Asesor

- O Comité Asesor deberá reunirse con carácter urxente, para avaliar o informe e a proposta da Persoa Delegada de Protección, que asistirá á reunión con voz pero sen voto.
- O Comité adoptará algunha das seguintes decisión **no prazo máximo de cinco días hábiles**:
  - A) Arquivar o caso por considerar que non existiu violencia
  - B) Se do informe puidesen derivarse indicios de violencia, pero nos suficientes para determinar a súa existencia, acordará continuar o procedemento, designando como instructor/a a un dos seus membros, quen deberá realizar as actuación pertinentes para solicitar a posible información complementaria.
  - C) Ao remate de dita indagación, o/a instructor/a elaborará un informe que presentará ao Comité Asesor **dentro do prazo de cinco días hábiles**
  - D) No caso de que o Comité Asesor conclúise a existencia dun posible caso de violencia sexual, adoptará algunha/s das seguintes medidas:
    - Acompañamento, apoio e asesoramento á persoa afectada.
    - Comunicación dos feitos ao Xulgado de Garda ou á Fiscalía competente (de menores se é o caso)
    - Adopción de medidas cautelares, como a prohibición de entrada nas instalación adscritas a Federación e participación en competicións ou a suspensión de licenza federativa da persoa investigada.
    - Calquera outra que, de acordó coa la xislación vixente, puidese ser de aplicación.

En cualquier caso, a vítima poderá exercer as actuacións pertinentes en defensa dos seus dereitos.